

RESOLUCIÓN DA XERENCIA POLA QUE SE REGULA O FINANCIAMENTO DUNHA ACCIÓN FORMATIVA EN LINGUAS DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS PARA O PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Centro de Linguas Modernas da USC ten como misión ofrecer servizos relacionados coas linguas para a comunidade universitaria. Asume a organización, nos campus de Santiago e Lugo, de cursos e outras actividades formativas de linguas estranxeiras e propias, suxeitas ás tarifas aprobadas polo Consello Social, a última aprobada o 30/06/2025 para o curso 2025-2026.

A Xerencia, da que depende o Centro de Linguas Modernas a través do Centro de Formación de Persoal, publica varias convocatorias ao ano de cursos e outras actividades formativas, e nelas, entre outros aspectos, recóllense os tres tipos de tarifas aprobados polo Consello Social: para estudantes da USC, para a comunidade universitaria e para persoas externas á USC. A última convocatoria publicouse o 18/07/2025 mediante a Resolución de Xerencia pola que se convocan cursos de linguas estranxeiras do Centro de Linguas Modernas (CLM) para o primeiro semestre do curso 2025-2026.

Ademais, cómpre ter en conta os seguintes condicionantes normativos, de planificación e de negociación no seo da Universidade.

Por unha banda, o Plan de Internacionalización 2024-2026 da Universidade de Santiago de Compostela, inclúe, dentro da liña estratéxica 5, Reforzo da internacionalización na casa, e como parte da Acción 5.1, Promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras polos distintos colectivos da comunidade universitaria, a actividade “Impulso aos programas de capacitación lingüística dirixidos a PDI, estudantado e PTXAS desde o Centro de Formación de Persoal (a través do CLM)”.

Por outra banda, o Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizos goza dende hai anos, derivado da negociación colectiva, da posibilidade de realizar unha acción formativa en linguas do Centro de Linguas Modernas con exención de matrícula, con cargo ao Plan de Formación.

Finalmente, as Liñas Xerais do Orzamento de 2025, aprobadas na sesión ordinaria do Claustro Universitario do 04/12/2024, recollen, entre outras, a seguinte acción en relación á formación do persoal: “Acceso á formación en todos os ámbitos, especialmente na aprendizaxe de idiomas, en igualdade de condicións para todo o persoal”.

Xa que logo, para favorecer a aprendizaxe de linguas estranxeiras por todo o persoal da USC en igualdade de condicións de acceso, a Xerencia

RESOLVE

Financiar, con cargo ao Plan de Formación de Persoal, unha acción formativa en linguas do Centro de Linguas Modernas no curso 2025-2026 para todo o persoal da Universidade de Santiago de Compostela, de acordo coas seguintes características:

1. Destinatarios/as

O financiamento beneficiará, mediante a exención do pagamento da matrícula, os tres colectivos do seu persoal: persoal docente e investigador, persoal investigador e persoal técnico de xestión, administración e servizos.

O persoal contratado, tanto da USC como con cargo a programas, proxectos ou contratos de investigación, tamén poderá ser beneficiario se cumpre dous requisitos, que serán comprobados: que teña unha vinculación coa USC de, polo menos, 6 meses, e que manteña a vinculación durante a duración do curso de linguas que se bonifique.

2. Obxecto

A acción formativa financiada será única para todo o curso 2025-2026, anual ou fraccionada por semestres, de lingua alemá, francesa, inglesa, italiana ou portuguesa, correspondente a algunha das convocatorias de cursos do Centro de Linguas Modernas do curso académico 2025-2026.

3. Condicións

Ademais das bases establecidas nas convocatorias correspondentes ao curso 2025-2026, tanto a xa publicada o 18/07/2025 referida aos cursos do primeiro semestre como a que se publique posteriormente, sobre os cursos do segundo semestre, rexerán as seguintes condicións:

- a) Só se financiará o estudo dunha das cinco linguas anteditas por curso académico. No caso de realizar dous cursos semestrais, terán que ser da mesma lingua. Permitirase o cambio de lingua nos dous semestres do curso 2025-2026 se se conseguiu o nivel B2 ou superiores do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas da lingua estudada na actividade correspondente ao primeiro semestre.
- b) Non se financiarán as repeticións de nivel nin de curso. Xa que logo, de estudar unha lingua xa cursada anteriormente no CLM ou da que se xa teña acreditado un nivel no expediente formativo, a matrícula debe realizarse en niveis superiores. O mesmo rexerá nas actividades formativas sobre destrezas específicas.
- c) O abandono, agás causa de forza maior debidamente acreditada, a non superación da acción formativa ou o incumprimento destas condicións supoñerán que a persoa matriculada debe satisfacer o importe da matrícula correspondente á tarifa "comunidade universitaria".
- d) As persoas que formen parte de calquera dos tres colectivos beneficiados que xa realizaran a matrícula dun curso correspondente á convocatoria do Centro de Linguas Modernas do primeiro semestre do curso 2025-2026 e pagaran a correspondente tarifa, terán dereito á súa devolución de oficio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xerente,

Antonio Javier Ferreira Fernández

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo das cidades de Santiago de Compostela e Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2a) da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado, en tanto non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/09/2025 11:32:03.

CSV: 7AB8-32A4-4034-BB95